



MENTORING

ACOMPañANDO Á ECONOMÍA SOCIAL

BASES DO PROGRAMA ES-MENTORING 2023

www.es-mentoring.gal

Contidos

Presentación.....	03
Obxectivos A quen vai dirixido	04
Exemplos de áreas e ámbitos de actuación de ES-MENTORING	05
En que consiste ES-MENTORING	07
Plan de traballo de ES-MENTORING	08
Persoas mentoras	09
Empresas e entidades mentorizadas.....	11

Presentación

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Unión Cooperativas Galegas EspazoCoop e a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias colaboran na continuidade do programa ES-MENTORING 2023, despois de que a finais de 2022, puxeran en marcha un programa que foi todo un éxito e que reflectiu a necesidade de consolidalo con novas edicións ampliadas.

O programa ES-MENTORING ten como finalidade apoiar e consolidar ás cooperativas e demais entidades de economía social no tecido económico de Galicia, mediante a realización de procesos de mentoría.

A Economía Social ven definida pola Lei de Economía Social de Galicia 6/2016 como “o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios de primacía das persoas, aplicación dos resultados en proporción á actividade desenvolvida ou ao fin social, promoción da solidariedade interna, independencia dos poderes públicos, compromiso co territorio, fortalecemento da democracia institucional e económica e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos”.

As entidades que forman parte da economía social están inspiradas polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas.

ES-MENTORING 2023 xurde para satisfacer a necesidade de contar cunha ferramenta específica que atenda ás empresas da economía social dende o coñecemento das súas

especificidades e características e fundamentándose nos seus mesmos valores e principios. Neste sentido, promóvese a creación dunha rede de mentorías na economía social que permita desenvolver a transferencia de coñecementos, habilidades, capacidades e actitudes de persoas vinculadas á economía social con ampla traxectoria, para colaborar con outras entidades da economía social que precisan implementar melloras, axudada pola experiencia e a aprendizaxe de quen comparte vivencias.

Faise necesario a creación dun programa específico para as empresas da economía social que garanta o coñecemento das particularidades e características destas empresas. O traballo ten que desenvolverse dende o coñecemento da realidade deste sector e o respecto ao que son: empresas de participación, de integración, de traballo colaborativo e colectivo e, sobre todo, de posta en valor das capacidades das persoas para realizar unha actividade empresarial na procura dun beneficio social e económico.

Propónse un **proceso de mentoría**, por ser unha metodoloxía que permite brindar apoio persoal a empresas da economía social, en vías de mellora e consolidación. O acompañamento faise no marco dun proceso estruturado fundamentado nunha relación de confianza e respecto mutuo que non pode desligarse dos valores da economía social. Supón, por tanto, unha ferramenta que permite o desenvolvemento do potencial das persoas, conseguindo que aprendan a través da experiencia nun proceso que ten como base a cooperación, a responsabilidade, a confianza, a axuda e o respecto mutuo.

Obxectivos

- 1 **Consolidar unha liña de actuación específica de mentorías para empresas da economía social**, identificando persoas expertas, dentro da economía social, que participen como mentoras.
- 2 **Potenciar as relacións de intercooperación entre persoas da economía social**, poñendo en valor experiencias e coñecementos válidos e valiosos para outras entidades.
- 3 **Aconsellar e guiar ás empresas mentorizadas** para o desenvolvemento dos seus proxectos.
- 4 **Prestixiar ás persoas que desenvolven a súa traxectoria profesional dentro da economía social.**
- 5 **Fomentar a aprendizaxe a través da experiencia:** a persoa mentora axuda á mentorizada a aprender da súa experiencia co obxecto de evitar erros e prexuízos.
- 6 **Mellorar as estratexias de identificación e resolución de problemas.**
- 7 **Potenciar, consolidar e orientar** dende un marco ético baseado na axuda mutua, a cooperación, a xestión democrática e o interese pola comunidade.

A quen vai dirixido



O programa ES-MENTORING dirixese **ás empresas da economía social nas que se detecta unha necesidade específica**, que estean nun momento de crise, proceso de cambio, transformación, innovación. E estean interesadas en recibir orientación ou asesoramento sobre como enfocar a situación a través de persoas expertas en economía social que poidan ter pasado por situacións similares con anterioridade, ou teñan experiencia no ámbito da necesidade.

ES-MENTORING tamén é para **persoas expertas da economía social** interesadas en compartir as súas vivencias e experiencias para aconsellar a outras entidades de Economía Social con necesidades concretas, e que por ter maior traxectoria e experiencia profesional poden axudar a resolverllas.

Exemplos de áreas e ámbitos de actuación de ES-MENTORING

ÁREA SOCIETARIA

- > Como xestionar a entrada de persoas socias e o relevo xeracional.
- > Como xestionar a saída de persoas socias.
- > Incentivar a participación e a cogobernanza nas empresas da economía social.
- > Como xestionar e resolver un conflito interno.
- > Como implementar protocolos de mediación de conflitos.
- > Asembleas e reunións eficaces e participativas.

ÁREA ECONÓMICA E FINANCEIRA

- > Como detectar necesidades de financiamento.
- > Como realizar captación de fondos.
- > Analizar as diferencias da xestión cooperativa fiscal e contable.
- > Como facer un Plan Económico e Financeiro da empresa da economía social.
- > Como beneficiarse das axudas públicas: cales son de interese para o proxecto.

ÁREA COMERCIALIZACIÓN E COMUNICACIÓN

- > Estratexias de oferta e comunicación de negocio con responsabilidade social.
- > Comunicar e vender baixo principios e valores.
- > Ferramentas dixitais testadas para a mellora comercial.
- > Contratación pública responsable.
- > A comercialización dun servizo ou produto: presentación, promoción, prezo.
- > Como achegarse a un coñecemento básico do mercado da nosa empresa ou entidade.
- > Como comunicar con éxito os produtos e servizos: Plan de Mercadotecnia.
- > Melloras no proceso de prestación do servizo ou elaboración do produto.

ÁREA ORGANIZATIVA

- > Identidade e definición de liñas de actuación.
- > Equilibrio socio-empresarial: responsabilidades e tarefas.
- > Como realizar un regulamento de réxime interno.
- > Como participar e xerar redes e proxectos de intercooperación.
- > Como adecuar a empresa ou entidade aos cambios na base social.
- > Como realizar unha boa xestión dos recursos humanos.
- > Como fixar colaboracións con outras entidades complementarias.

RSE: IGUALDADE, CONCILIACIÓN, TRANSICIÓN ENERXÉTICA, OU ODS

- > Pautas e protocolos de conciliación na empresa de economía social. Prácticas de implementación.
- > Como poñer en marcha un Plan de Igualdade.
- > Como incorporar os ODS nos proxectos da economía social.
- > Empresas sostibles: implementación de melloras enerxéticas e medioambientais.
- > Como facer para monetizar o valor social da nosa empresa ou entidade.

ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO: INNOVACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN OU TRANSICIÓN DIXITAL

- > Como iniciar os pasos á internacionalización.
- > Como crear alianzas internacionais cooperativas e na economía social.
- > Como abordar a dixitalización básica da entidade: ferramentas e axudas.
- > Como se pode innovar dende a economía social: axudas e estratexias.

OUTRAS

- > Aspectos claves da fórmula xurídica e revisión da súa xestión.
- > Como desenvolver un Plan de Empresa de economía social.
- > Revisión de aspectos relacionados coas autorizacións, rexistros ou permisos.
- > Certificacións de calidade: orientacións e asesoramento.
- > Apoio para o coñecemento da contorna: económica e sociocultural, normativa, ou tecnoloxía.

En que consiste ES-MENTORING

Trátase dun proceso mediante o cal unha persoa con máis experiencia (a persoa **mentora**) ensina, aconsella, guía e axuda a unha empresa de economía social (a **mentee** ou **mentorizada**) que demandou un **proceso de mentoría** inscribíndose a través da páxina web do proxecto para participar nel.

Os equipos técnicos das entidades Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop avaliarán as candidaturas das empresas da economía social recibidas e farán o encaixe entre estas e as persoas mentoras que forman parte da **Rede de Mentoras**, facilitarán o contacto e darán o marco para iniciar o proceso.

Trátase dun proceso de aprendizaxe guiado pola persoa mentora que acompañará, compartirá, coidará, asesorará e axudará as persoas da empresa de economía social mentorizadas nas áreas que se teñan identificado como claves para traballar no proceso.

As mentorizadas, nesta edición 2023, contan con 40 prazas dispoñibles, e está previsto que cada empresa da economía social mentorizada reciba **17 horas de mentoría**, que poden ser realizadas por máis dunha persoa mentora, en función das necesidades e demandas expresadas.

A mentoría é bidireccional, a persoa mentora achega á mentorizada os seus coñecementos, experiencia, ou a rede de contactos, e a mentorizada incorpora a súa visión, o coñecemento do seu proxecto, e a nova perspectiva. É unha clave esencial a apertura e boa disposición das persoas mentoras a escoitar ás súas mentorizadas.

Solicítaselle ás persoas participantes a implicación e a dispoñibilidade, en definitiva, o compromiso coa súa participación neste proxecto para cumprir cos tempos e retos marcados. Desde as entidades coordinadoras, a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop, velarán porque o programa se desenvolva segundo o previsto.

Formación para as mentoras: Para partir dun punto común con todas as persoas mentoras, realizarase unha actividade formativa inicial en formato virtual de curta duración para as persoas que se incorporan por vez primeira como mentoras neste programa. Incorpórase como novidade nesta edición unha sesión formativa de carácter presencial, dirixida a todas as persoas mentoras participantes no programa, co obxectivo de traballar na práctica as estratexias e ferramentas máis acaiadas para desenvolver os procesos de mentoría. Ao mesmo tempo, esta actividade servirá para tecer redes de colaboración e intercooperación entre as persoas participantes.

Dende as entidades coordinadoras de ES-MENTORING realizarase o seguimento e actualización do proceso, coa finalidade de melloralo, detectar e reconducir posibles deficiencias que se produzan. É por iso que haberá un contacto periódico entre o persoal dos equipos técnicos das Unións e a persoa mentora – persoa mentorizada durante o desenvolvemento do proceso.

Hai un obxectivo de proporcionar formación, preparación e apoio ás necesidades das persoas mentoras e mentorizadas durante todo o proceso de mentorización.

Plan de traballo de ES-MENTORING

No desenvolvemento do programa de mentoring contemplamos tres fases: unha inicial de formación, a segunda de desenvolvemento e a última, de peche. As tarefas e documentos claves de cada fase relaciónanse a continuación.

1| Formación: todas as participantes deberán ter unha formación mínima de 3 horas e media, nesta edición do programa. Expedirase certificación ás participantes.

- Acción Formativa (4 h.) na modalidade de teleformación, onde se abordan temas que faciliten os procesos de mentorización entre as expertas e as entidades a mentorizar. Esixiráselle esta acción formativa ás persoas mentoras que se incorporen por vez primeira á rede de mentoras do programa ES-MENTORING 2023.
- Acción formativa (4 h.) presencial, onde se traballen, dende a práctica, ferramentas, metodoloxías, documentos de traballo e habilidades, para dotar de recursos ás mentoras.

2| Selección: realizarase a selección das entidades da economía social participantes no programa ES-MENTORING. Correspondencia entre as solicitantes e as persoas expertas incluídas na Rede de Mentoras.

3| Contacto: propiciar o primeiro contacto entre mentora e mentorizada.

4| Desenvolvemento das mentorías: sesións periódicas en formato virtual ou presencial (mínimo 8) entre a entidade mentorizada e a mentora.

5| Encontro “networking”: en virtual ou presencial (2 h.), entre as persoas mentoras. Está previsto programalo cara a metade da execución do programa co obxectivo de propiciar o intercambio de coñecementos e experiencias entre as expertas.

6| Seguimento: por parte das entidades coordinadoras do proceso de mentoría con cada unha das empresas de economía social participantes e a persoa mentora asignada, coa finalidade de análise, diagnose e proposta de liñas de mellora ou de acción, corrección de desviacións, reasignación de mentoras se fose preciso ou outros. (6 h. distribuídas dentro das 17 h. totais).

7| Avaliación: facilitar formularios de avaliación do servizo e propostas de mellora. Recompilación das actas e documentación acreditativa dos procesos, e elaboración do informe final do proceso de mentoría.

COORDINACIÓN DE ES-MENTORING

O persoal dos equipos técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop farán as tarefas de selección das empresas de economía social participantes no programa, encaixe entre estas e a mentora e a mentorizada, coordinación dos procesos de mentorización, seguimento e supervisión. Elaborará tamén as memorias de execución dos procesos.

Dende a coordinación verificarase que o proceso de mentoría discorre do xeito esperado: cumprimento dos compromisos e acordos.



Persoas Mentoradas

QUEN PODE SER PERSOAS MENTORA

As persoas mentoradas deben cumprir dous requisitos:

- Que sexan profesionais con experiencia nos diferentes ámbitos de actuación e nas áreas de traballo na que se enmarca o programa ES-MENTORING.
- Que sexan profesionais que acrediten coñecemento en economía social, ben porque forman ou formaron parte de algunha entidade do sector en algún momento, ou porque teñen ou tiveron experiencia no acompañamento, asesoramento ou na consultoría con algunha entidade da economía social.

CAL É A FUNCIÓN DA PERSOAS MENTORA

- Achegar a súa visión e asesorar á persoa mentorizada no deseño de novas perspectivas para os seus plans de desenvolvemento.
- Axudar a superar obstáculos ofrecendo un espazo para compartir coñecementos, aprendizaxes, innovacións, dificultades ou aspiracións.
- Converterse en persoas de confianza das persoas mentorizadas para asesoralas, apoialas, aconsellalas cando o necesiten.

Os procesos de mentoría deben ser documentados mediante a cumprimentación dun modelo de acta que recolla os fitos principais de cada sesión.

QUE COMPROMISOS DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS MENTORAS

Para poder participar como mentora no programa ES-MENTORING e formar parte da Rede de Mentoradas da economía social, solicítase ás persoas interesadas que cumpran os seguintes compromisos.

- Comprometerse a prestar asesoramento á entidade mentorizada, achegando coñecementos, orientacións, contactos e experiencia, dende o máximo respecto aos intereses económicos e social da mesma.
- Solicitar a inscrición como mentora do programa ES-MENTORING a través da web: www.es-mentoring.gal
- Participar nas xornadas de presentación e peche do proxecto.
- Participación nas accións formativas de mentoring.
- Participar no encontro “Networking”.
- Asinar o documento de acordo de dispoñibilidade e compromiso.
- Elaborar a acta final de cada sesión de mentoría realizada e achegala á persoa coordinadora de referencia.
- Cubrir e enviar os cuestionarios de valoración para avaliar o programa e achegar propostas de mellora.

CLAVES PARA UNHA BOA MENTORIZACIÓN DE PROXECTOS

O QUE AXUDA NO PROCESO

- + Darlle ao proceso a prioridade e importancia necesarias.
- + Crear ambiente de plena posibilidade, con responsabilidade sobre o impacto das decisións que tome a mentorizada, entendendo que esta é responsable das súas decisións.
- + Actuar con honestidade, potenciar o proceso de aprendizaxe.
- + Transmitir á persoa mentorizada unha visión contextualizada sobre o negocio, a empresa ou o contexto no que se sitúa.
- + Trasladar as claves polas que se desenvolven os negocios na área ou sector na que se sitúa.
- + Motivar e transmitir unha actitude proactiva.
- + Compartir a experiencia propia e a rede de contactos, comentando as situacións clave que poidan ser de interese da persoa mentorizada.
- + Solicitar retroalimentación á persoa mentorizada para ver de mellorar o proceso de mentoría.
- + Gardar absoluta confidencialidade sobre os temas tratados.

O QUE DEBEMOS EVITAR

- Facer xuízos de valor sobre o a persoa mentorizada.
- *O síndrome da persoa salvadora.* Non se trata de resolver os problemas da outra persoa, senón de guiala para que encontre a súa propia solución.
- Non atender ás necesidades e demandas da persoa mentorizada, non querer "*romper a axenda*".
- Non deixar espazo para que a persoa mentorizada fale e se exprese.
- Centrarse unicamente en éxitos, logros e puntos fortes e agochar as dificultades e problemas.



Empresas e entidades mentorizadas

Pode participar como entidade mentorizada en ES-MENTORING, calquera empresa da economía social, e dentro deste sector terán prioridade as cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción sen ánimo de lucro, confrarías, as comunidades de montes, sociedades agrarias de transformación, sen prexuízo de que se poidan atender outras entidades da economía social como as fundacións e asociacións con actividade económica e sen fins lucrativos, mutualidades, ou outras.

As empresas da economía social que estean interesadas en participar deberán solicitar a súa participación cubrindo o **formulario de inscrición** que está **dispoñible na web do programa**. Unha vez recollidos os datos da inscrición, os equipos técnicos das Unións farán a selección das que reúnan as condicións requiridas para participar e buscarán o encaixe coas mentoras máis acaídas.

Os **criterios de selección** rexeranse pola orde de chegada das solicitudes, tipoloxía da entidade, necesidade solicitada, dispoñibilidade e encaixe da persoa mentora da área de traballo e ámbito a mentorizar.

As empresas de economía social mentorizadas deberán asegurar o seu compromiso e dispoñibilidade para participar no proceso de mentoría cumprindo as súas condicións. Elaborarase documentación de seguimento do proceso que actuará como evidencia deste.

Hai dispoñibles **40 prazos** para que as empresas da economía social galega participen nun

proceso de mentoría, contarán con **17 horas de mentorización cada empresa**.

A participación no programa **non ten custo económico** para a empresa.

ES-MENTORING desenvólvese durante o **segundo semestre do ano 2023**.

QUE COMPROMISOS DEBEN CUMPRIR AS EMPRESAS E ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL MENTORIZADAS

Para que o proceso de mentoría se desenvolva nas condicións máis axeitadas, é preciso que, por parte das mentorizadas, cumpran:

- Manifestar expresamente ter necesidade real de recibir apoios de mentorización para relanzar e impulsar as súa actividade.
- Solicitar a inscrición como entidade mentorizada no programa ES-MENTORING a través da web: www.es-mentoring.gal
- Participar nas xornadas de presentación e peche do proxecto.
- Asinar o documento de compromiso.
- Participar e realizar as actividades propostas, acordadas e pactadas pola persoa mentora.
- Participar nas titorías conxuntas coa mentora e a coordinadora do programa.
- Cubrir e enviar os cuestionarios de valoración do programa e achegar propostas de mellora.

CLAVES PARA SER BOA MENTORIZADA

Son importante unhas actitudes e comportamentos óptimos como:



Interese por aprender e mellorar:

Ter a capacidade de reflexionar sobre o propio comportamento e as consecuencias que se derivan del para identificar áreas de mellora.

- **Indicadores:** Ter necesidade e desexo de mellora; percibir os problemas e críticas como oportunidades de mellora.



Humildade e respecto:

Permanecer aberta a aceptar suxestións, consellos e percibir necesidades de cambio e oportunidades de mellora. Aceptar que non se sabe ou non se pode, e permitirse pedir axuda.

- **Indicadores:** Aceptar suxestións, observacións e críticas sen sentilas coma un ataque e consideralas unha oportunidade de mellora; considerar que outras persoas poden facer achegas en experiencia e coñecementos.



Responsabilidade e compromiso:

Sobre o seu propio proceso de aprendizaxe e para asumir as consecuencias das súas accións e decisións. Responsabilidade para aceptar os propios sentimentos e estados de ánimo. O compromiso amósase na participación puntual nas sesións e na súa preparación, na realización das tarefas e na reflexión sobre o proceso.

- **Indicadores:** Acudir puntual ás sesións, realizar os compromisos de acción fixados, manter fidelidade aos obxectivos acordados.



Proactividade:

Ser quen de superar a resistencia ao cambio que todas as persoas temos de xeito natural e pasar á acción, poñernos a proba e saír da zona de seguridade.

- **Indicadores:** Toma iniciativa, formula dúbidas, expresa opinións, toma decisións, pasa á acción, busca e detecta oportunidades de mellora, achega ideas, executa os compromisos de acción.



Apertura e flexibilidade:


Para cuestionarse as propias ideas, crenzas, actitudes e condutas, admitir cambios, ceder, experimentar novos enfoques. Apertura cara á relación coa persoa mentora. Flexibilidade para cambiar de rumbo, desenvolver paciencia, aceptar límites.

- **Indicadores:** Cuestiona as súas propias posicións, escoita e non interrompe, comparte a súa vulnerabilidade.



 www.es-mentoring.gal

 esmentoringal@gmail.com

 Asociación Galega de Cooperativas
Agroalimentarias: 981 58 47 83

 Unión de Cooperativas Galega
EspazoCoop: 981 57 55 78